Galicia Encantada



Lendas urbanas

A cerdeira e o SEPRONA

Un fulano tiña unha cerdeira na súa horta na que nunca podía recoller ningunha cereixa debido a que as pegas, merlos, estorninos e outras aves llas birlaban ano tras ano.
Un día cabreado, colocou unha rede para protexer as froitas. E foi multado por SEPRONA.
O fulano cabreouse de novo e chapodou a rente do pé a cerdeira. E...volveu a ser multado por SEPRONA.

(Lenda urbana que xa ma contaron tres o catro veces en distintos municipios de Pontevedra e con distintos proptagonistas, sempre cercanos ao contador do relato)